




O paxaro do mel

Adolfo Caamaño

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *O paxaro do mel*
Autor: Adolfo Caamaño
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 344
ISBN: 978-84-9782-411-3



O AUTOR

ADOLFO CAAMAÑO (Pontevedra, 1959)

Licenciouse en Xeografía e Historia e traballa como profesor de Ensino Secundario. Colaborador en xornais como *A Nosa Terra*, *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *Atlántico Diario*...


2

É fundador da revista de creación literaria *Hidromel*.

Escritor de poesía. Boa proba disto son os libros *Poemario Irlandés* (premio Johán Carballeira 1999), *Alma de Beiramar*, *O Trazo Aberto* e *Poemario Compostelán* (premio de poesía Concello de Marín 1999).

Ademais desta obra, tamén ten publicada a novela *Soberano* (premio Benito Soto ao mellor libro do ano 2004).





O LIBRO

Tres amigos, dous irmáns pastores dunha tribo africana e o seu amigo europeo, fillo do agrimensor italiano que traza os mapas de Abisinia por encargo do seu país, deberán enfrontarse a unha situación chea de perigos, pero tamén de descubrimentos e probas.

Estamos na época do imperialismo europeo en África, no que se reparte o continente; tempos nos que aínda quedan os vestixios da escravitude e contrabandistas dispostos a facerse ricos a calquera prezo.

É esta unha novela de aventuras ambientada na Abisinia ocupada polos italianos a finais do século XIX.




TEMAS E VALORES

3

- *A escravitude.*
- *O encontro de diferentes civilizacións.*
- *África, o veciño distante.*
- *Imperialismo e colonialismo.*
- *A amizade.*
- *Igualdade entre ambos sexos.*
- *Medio ambiente.*
- *Racismo.*
- *Unha serie de temas relacionados coa época histórica e a xeografía na que se desenvolven os feitos. Outros, son temas constantes na literatura, como a amizade ou o amor.*





ACTIVIDADES

* As actividades que se propoñen, a continuación están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man, anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Xogamos co título, cambiando determinadas palabras, pensando se nos lembra outros, escribíndolle un texto...
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo.
- Deixamos que vaian agromando os coñecementos previos acerca deste tema. Falamos doutros libros que teñan esta mesma temática.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Podemos axudarnos coa lectura do apartado que leva o título «O autor» ou podemos buscar outras obras súas.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar esta biobibliografía.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos que pertenzan a ela e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria e, unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con qué palabras.
- O libro conta con varias citas, todas elas do Xénese. Podemos comentalas para ir avanzando nas expectativas da novela.

4

AO LONGO DA LECTURA:

- Identificamos quen conta a historia.
- Cada capítulo ten un título que nos vai adiantando o tema. Unha vez rematada a súa lectura podemos cambiar estes títulos por outros que nos resulten máis axeitados ou que nos poidan servir de resumo.
- Imos tomando nota de cada un dos personaxes e dos trazos que os caracterizan. Observamos cal deles nos resulta máis interesante e argumentamos a nosa elección.
- O mapa e os debuxos que aparecen ao comezo do libro poden animarnos a inventar a nosa propia historia baseada nalgunha destas imaxes.

- Conforme avanzamos na lectura imos atopando os nomes da fauna e da flora do lugar onde se desenvolven os feitos. Podemos ir tomando nota deles para, posteriormente, buscar nas guías as súas imaxes e características.
- Vaíamos descubrindo de que vive a tribo dos danákil, cales son os labores encomendados aos homes e cales ás mulleres, con que alcume chaman a Yaíza, a cor dos ovos de garza, cando se abriu a canle de Suez...
- Realicemos un estudio histórico. Situémonos no século pasado e sobre o mapa de África e anotemos os nomes dos países europeos que a colonizaron. O reparto entre uns e outros, así como os posteriores procesos de descolonización, crearon enfrontamentos entre eles que, nalgún caso, chegan ata a actualidade. Lembramos algún destes casos?
- Busquemos as referencias culturais que aparecen recollidas no libro, por exemplo, Darwin, e realicemos un traballo en torno ás súas teorías. Outras referencias serán literarias, como Julio Verne, ou míticas, como Ariadna. Cada unha delas pode servir para un traballo de equipo que posteriormente se exporá ante os compañeiros e compañeiras.
- Nalgún momento aparece unha referencia pictórica; trátase do cadro das Meninas. Lembramos como o relaciona? Alguén podería realizar unha visita guiada por esa imaxe tan representativa dunha época.
- Cando se fala do tráfico de escravos expónse unha idea moi interesante: dise que unhas tribos escravizan a outras antes de que as outras as escravicen a elas, e o peor é que, ademais, os grandes beneficios son para outros. Isto pode lembrarnos a carreira armamentística, nese afán por ter máis armas que o outro, aínda que sabemos que se as utilizáramos acabaríamos co planeta de todos. Reflexionemos sobre estes asuntos e busquemos posibles solucións.
- Os europeos cambian fusís por escravos. As armas empréganse para conseguir os escravos e estes, á súa vez, para cambiar por fusís. Preguntémonos se é unha ironía.
- Cruce de civilizacións e relixións: Sudán baixo dominio inglés e islámico, Etiopía tomada polos italianos e católica. Algún equipo formado podería investigar acerca do colonialismo inglés mentres outro o fai sobre o italiano. Da mesma maneira un encargaríase de documentarse acerca dos principios básicos da relixión islámica e o outro sintetizaría os da católica.
- Cal é o motivo que se dá no libro para que os países europeos aboliran a escravitude? Decatámonos de que non é unha razón moral, senón económica?
- Conforme lemos podemos ir localizando nun mapa os lugares dos que se fala: as illas Azores, Brasil, Alxeria, Exipto, Estados Unidos...
- Intentemos describir a Cornelio Testa e o seu fillo Mario facendo fincapé nas diferenzas entre ambos.
- No texto aparece, tamén, o mercado de animais salvaxes, un tema bastante recorrente na grande pantalla. Lembremos algunha desas películas.
- A forma na que os escravistas aproveitaban as viaxes para levar produtos e humanos dun lugar a outro e a maneira na que aproveitaban a uns para cargar a outros resul-

ta do máis intelixente, mágoa que non tivese unha mellor finalidade. Toda esa astucia aplicada ao ben daría froitos moi interesantes. Imaxínemolo.

- «A caravana era un perfecto cárcere móbil.» Por que?
- Enumerade as estratexias dos rapaces para demorar aos escravistas.
- Resulta moi interesante observar o razoamento dedutivo do escravista norteamericano e o de Mario. Busquemos algunha mostra.
- Localicemos voces que aparecen noutros idiomas e traduzámolas.
- Contestemos: que comían os tres amigos mentres seguían a caravana de escravos?; que significa o termo «xilófago»?; con que se orientaba Mario?; a que responderá a metáfora «océanos de ondas de area»?; que se acocha detrás da palabra «xeoestratexia»?; que sabemos da mosca tsetse?; cal será a «paisaxe sen paisaxe»?; e «o deserto verde»?; que é o «crismón»?; cal será a orixe da palabra «edenita»?; quen son os «lotófagos»?; cales son os ventos alisios?; que significa «ágrafo»?; que é a «alquimia»?; e a «pedra filosofal»?
- Mario aprendera, nunha novela de Verne, a sobrevivir nun termiteiro. Poñamos en común o que aprendimos a través dalgún libro de ficción.
- A diferenza entre o lugar onde agora vive Mario e a Venecia que lembra é enorme, tanta que semellan ser dous mundos e dous tempos distintos. Ilustremos cada un deles.
- Fálase da selva coma dun labirinto verde. Defínámola dalgunha outra maneira, tamén, orixinal.
- Estraños aliados deben ser os escravistas e os islamitas, ou os primeiros cos africanos da costa. Na actualidade tamén atopamos estraños compañeiros de viaxe. Enumeremos algún deles.
- «A verdadeira estratexia está en contar cun bo plan» pode ser o título dun texto que de seguido escribamos.
- Os contos dos Irmáns Grimm (*A bela dormente, Polgarciño...*) ou de Ándersen (*O parrulo feo*) van aparecendo ao longo do relato, aplicándoos á realidade. Seremos quen de facelo nós a modo dunha recreación dos contos?
- «E o único ser que Mario cría capaz de conseguir que algo cheo de vida quedase convertido nun deserto... ese era o ser humano.» Debatamos acerca desta afirmación. Relacionémola co cambio climático e con todo o que se nos ocorra.
- No relato aparecen referencias a Camelot e a mesa redonda.
- Expliquemos a lenda da Ave Fénix. Outros deberán preparar a exposición do mito de Teseo e o Minotauro.
- Desentrañar os misterios debuxados nas pedras e polas construcións, interpretar o significado dos números, das imaxes ou da iluminación... son moi bos ingredientes para un relato de aventuras. Tentemos realizar un xogando con algún destes elementos.
- Na civilización que atopan no medio da selva, o animal que tenta a Adán e Eva non é a serpe senón _____; e o froito da árbore do saber non é a mazá senón _____.

- Despois de ler esta novela tal vez sexamos máis conscientes da importancia da tradición oral. Falemos do seu valor e intercambiamos algunha mostra representativa da literatura de transmisión oral.
- Aos que nos interesan as bestas, documentarémonos sobre unicornios, centauros, onagros, basiliscos, gorgonas... e realizaremos unha exposición con imaxes e textos ao respecto.
- O racismo está presente na novela. Focalicémolo tanto a nivel de relacións como a nivel verbal.
- Harris, o escravista, é, ante todo, un home de negocios. Debatamos en torno a esta afirmación.



DESPOIS DA LECTURA:


- Unha vez rematada a lectura cambiámoslle o título ao libro.
- Escollemos os fragmentos que máis nos gustaron para compartilos cos demais.
- Criticamos o comportamento dun personaxe e defendemos as ideas ou actos doutro.
- Argumentamos a opinión persoal sobre o libro.
- Comentamos os valores que defende o autor a través da obra.
- Seleccionamos as ideas que nos teñan maior interese.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Valoramos se determinadas situacións ou personaxes son ou non sexistas.
- Vemos cal é a estrutura do texto, as historias que se contan, cal é a fundamental e cales as secundarias.
- Continuamos o relato alí onde o autor o deixou, inventándolle outro final.
- Esta novela podería dar un bo guión para o cine. Pensemos en como realizalo, por onde comezar, cal podería ser o reparto e a ambientación...
- Se este libro nos gustou, escribimos un texto recomendando a súa lectura. Tamén podemos localizar outros deste xénero para continuar lendo.



FORA DE XOGO

O paxaro do mel

Adolfo Caamaño



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007
Depósito legal: VG. 57-2007